

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 31 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 31 de outubro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 2, 3, 4, 6, 8a, 9a e 11c)
D. Alfonso Berros Pérez (asiste ao punto 1c)
D. Secundino Otero Faílde (asiste ao punto 1c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 23 de outubro de 2018

Apróbese a acta da sesión do 23 de outubro de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 25 de outubro de 2018

Apróbese a acta da sesión do 25 de outubro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

c) Acta da sesión do 26 de outubro de 2018

Apróbese a acta da sesión do 26 de outubro de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda, D. Secundino Otero Faílde e D. Alfonso Berros Pérez.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441)



A secretaria dá conta do recurso de reposición interposto pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Teis de data 29 de outubro de 2018 contra o acordo da Xunta de Goberno local do 27 de setembro de 2018 en relación coas obras no campo de fútbol de Candéan. A continuación, le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 2. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.
 3. UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT (porcentaxe de participación na UTE 60%-40% respectivamente)*
 4. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
 5. UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 90%-10% respectivamente)*
 6. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
 7. ORECO, S.A.
 8. UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

* Se ben no certificado expedido polo Rexistro Xeral consta que ELSAMEX, S.A. e MONDO IBÉRICA, S.A. se presentaron individualmente a esta licitación, na documentación presentada por ambas empresas consta que veñen en UTE con MECANO SPORT e CANARGA, S.L., respectivamente.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que presenten o anexo VII do PCAP "GRUPO DE EMPRESAS" para os efectos previstos no artigo 86 do RXLCAP:
1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 2. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candéan, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor e conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emenden a súa proposición:

1. UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT: as proposicións deberán estar asinadas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:39	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE4F-C3343D-35C7ED-JHKMS1-3U8MK7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

por persoa con poder de representación de cada unha das empresas que coforman a UTE. Dado que a oferta técnica presentada só está asinada polo apoderado de ELSAMEX, S.A., requírese a presentación dun escrito no que o apoderado de MECANO SPORT subscriba a oferta presentada o 29 de outubro de 2018 co número de documento 180173730. Se ten constancia de que a oferta económica adolece do mesmo erro poderá subscribir as dúas ofertas no mesmo escrito, sen que en ningún caso adiante o seu contido.

2. UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.: as proposicións deberán estar asinadas por persoa con poder de representación de cada unha das empresas que coforman a UTE, non pola persoa nomeada representante da futura UTE. En consecuencia, requírese a presentación dun escrito asinado polos apoderados de cada unha das empresas no que subscriban a oferta presentada o 29 de outubro de 2018 co número de documento 180173753. Se teñen constancia de que a oferta económica adolece do mesmo erro poderán subscribir as dúas ofertas no mesmo escrito, sen que en ningún caso adianten o seu contido.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe da Área de Investimentos do 29 de outubro de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para que xustifiquen a valoración das súas ofertas e precisen as súas condicións de acordo co establecido no citado artigo 149 da LCSP:

Empresas	Valor BI %
UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMAN	22,02
UTE DRAGADOS S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	23,10
UTE CIVISGLOBAL, S.L. - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L.	22,70

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) (informe corrixido sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:39	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE4F-C3343D-35C7ED-JHKMS1-3U8MK7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 29 de outubro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, que corrixe o aceptado pola Mesa na sesión do 23 de outubro de 2018.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250) (informe sobre C con proposta de clasificación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías e Obras o 29 de outubro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*” con proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 29 de outubro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”. Acto seguido publícase no perfil de contratante, con carácter previo á apertura económica.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías e Obras o 29 de outubro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable a través de fórmula*” con proposta de clasificación.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:39	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE4F-C3343D-35C7ED-JHKMS1-3U8MK7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitador	Redución do prezo
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	724.452,46 €
2	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	824.786,70 €
3	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	736.748,43 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	756.875,64 €
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	955.000,00 €
6	CIVIS GLOBAL, S.L.	751.422,10 €
7	COPCISA, S.A.	855.889,28 €
8	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	753.281,76 €
9	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	760.511,59 €
10	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	755.451,70 €
11	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	737.265,48 €
12	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	784.280,86 €
13	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	813.707,46 €
14	ORECO, S.A.	843.179,58 €

Asisten á apertura: D^a. Sonsoles Sánchez Moro, con DNI 44.465.440-K, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción; D. Roberto Pérez Durán, con DNI 77.411.746-W, en representación de COPCISA, S.A.; D. José Antonio Salgado Carpo, con DNI 34.988.361-W, en representación de PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. e D. Francisco Rodríguez López, con DNI 34.952.568-C, en representación de MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Outorgar un prazo de tres días a todos os licitadores para que indiquen se pertencen ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación) para os efectos previstos no artigo 86 do RXLCAP.
- Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor, unha vez recibida a información requirida no punto anterior.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lote 7)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo de 23 de outubro de 2018, ao día seguinte se requeriu a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. e GARCÍ VENTA, S.L. para que presenten a documentación esixida na cláusula 16.5 do PCAP para resolver o empate na puntuación da proposición avaliable a través de fórmula.

Durante o prazo concedido só presentou documentación GARCÍ VENTA, S.L. que presenta documentación acreditativa de posuír 52 traballadores, dous deles con discapacidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:39	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE4F-C3343D-35C7ED-JHKMS1-3U8MK7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lote 7) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	GARCI VENTA, S.L.	100 puntos
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCI VENTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Vprof	Puntos
1º	CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	36,41 %	100,00
2º	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	4,95 %	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:39	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE4F-C3343D-35C7ED-JHKMS1-3U8MK7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 16 de outubro se notificou o acordo de clasificación e se requiriu a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP a ENDESA ENERGÍA, S.A., que presentou a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda por unanimidade, conceder un prazo de tres días a ENDESA ENERGÍA, S.A. para que poida acreditar correctamente a súa solvencia técnica de acordo cos requisitos previstos na cláusula 8 do PCAP (“*Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministross ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato. (...) Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV. Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación*”).

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

A secretaria informa os membros da Mesa do escrito presentado por NEC IBÉRICA o 26 de outubro de 2018 en relación coa apertura do sobre C e decide retirar este asunto da orde do día.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1:

	Clasificación de orden:	oferta
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	212.785,28 €
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	218.964,30 €
3	MISTURAS, S A	219.209,65 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	230.739,74 €
5	CONSTRUCCIONES VALE, S L	236.504,80 €
6	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	237.830,36 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	241.899,52 €
8	NAROM, S L	243.225,07 €
9	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	244.951,40 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	251.794,99 €
11	HORDESCON, S L	267.917,52 €
12	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	291.950,91 €

Lote nº 2:

	Clasificación de orden:	oferta
1	MISTURAS, S A	153.804,31 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	159.408,20 €
3	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	159.582,63 €
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	162.431,33 €
5	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	167.193,96 €
6	CONSTRUCCIONES VALE, S L	167.333,19 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	174.689,26 €
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	175.780,33 €
9	NAROM, S L	177.752,36 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	188.449,99 €
11	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	212.054,33 €

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), para que presente, no prazo de*



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), o día 17 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido, o 30 e 29 de outubro, respectivamente.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula, de data 5 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:39	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE4F-C3343D-35C7ED-JHKMS1-3U8MK7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. o lote nº 1 do procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) por un prezo total de 212.785,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.929,68 euros.*
2. *“Adxudicar a MISTURAS, S.A. o lote nº 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) por un prezo total de 153.804,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.693,31 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:39	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE4F-C3343D-35C7ED-JHKMS1-3U8MK7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		